

O RD 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, abordou a integración nun único subsistema de todas as iniciativas de formación ocupacional, formación continua e formación en alternancia co emprego. O obxectivo foi adaptar a formación profesional para facela axeitada ás necesidades de produtividade e competitividade das empresas no novo escenario global e para potenciar a empregabilidade dos traballadores nun mundo en constante cambio. As Ordes TAS/2.307/2007 e 2.388/2007, do 27 de xullo e 2 de agosto, respectivamente, desenvolveron e completaron a regulación das iniciativas de formación de oferta e de demanda a que se refire o RD 395/2007.

8.1 Obxectivos do subsistema de formación profesional para o emprego

A aprobación do RD 395/2007, do 23 de marzo (BOE 11 de abril), polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, estivo inspirada por un claro e expreso propósito, o de deseñar un novo modelo de formación

profesional para o emprego que persegue estender entre as empresas e os/as traballadores/as ocupados/as e desempregados/as «unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento» (art. 2 RD 395/2007).

A norma pretende atender o interese dos/as traballadores/as e desempregados/as en mellorar a súa capacitación profesional e o seu desenvolvemento persoal, o que se consegue ofrecéndolles posibilidades de formación ao longo de toda a súa vida, promovendo a acreditación das competencias profesionais que adquiran e, en definitiva, mellorando a súa empregabilidade. Ao tempo a norma tamén pretende dar resposta ao interese das empresas, e do mercado en xeral, na medida en que a maior formación e cualificación dos/as traballadores/as redundará en mellorar a súa competitividade e produtividade.

Con esa finalidade, a norma abordou a tarefa de integrar e dar unha regulación única e sistemática á formación ocupacional e á formación continua, incluíndo as fórmulas que compaxinan a formación e o emprego.

Todas estas modalidades formativas integráronse nun subsistema que, á súa vez, forma parte do Sistema de Formación Profesional para o emprego, integrado tamén pola Formación Profesional Regulada. No marco desta nova organización do subsistema da formación para o emprego a norma pretendeu, ademais, articular un sistema que sexa respectuoso coas competencias autonómicas na materia e que amplíe as formas de colaboración entre as distintas instancias territoriais.

Outro pilar do subsistema para a formación son os/as interlocutores sociais, aos/as cales se segue recoñecendo un papel esencial no deseño, programación e execución das accións formativas.

É necesario ter presente a Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xullo, das Cualificacións e da Formación Profesional, que establece un Catálogo Nacional de Cualificacións Profesional que permite avanzar nun enfoque de aprendizaxe permanente e na integración das distintas ofertas de formación profesional. Tamén se recoñece expresamente a incidencia dalgúns pronunciamentos do Tribunal Constitucional (SSTC 95/2002, de 25 de abril e 190/2002, do 17 de outubro) na medida en que as mesmas contribuíron a clarificar algúns aspectos da delimitación de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de formación continua, **situando esta materia no ámbito laboral, competencia exclusiva do Estado**, e identificando os supostos nos que a xestión ou execución das accións formativas correspondería ao Estado ou ás Comunidades Autónomas.

Especial transcendencia atribúese tamén á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na medida en que coloca á formación profesional como unha das fórmulas máis eficaces para contribuír a mellorar a empregabilidade dos/as traballadores/as. Finalmente, non podían deixar de resultar igualmente determinantes as políticas e directrices comunitarias na materia que veñen considerando a aprendizaxe permanente como un pilar fundamental na estratexia para o emprego.

A concorrencia destes factores determinou que, no marco do Diálogo Social amparado na Declaración do 8 de xullo de 2004, se alcanzase o Acordo de Formación Profesional para o Emprego o 7 de febreiro de 2006, que en boa medida serviu de pauta para o contido do RD 395/2007.

Non obstante e de feito, permanece no Real Decreto a separación entre formación continua e formación ocupacional e nin no contido das accións, nin nos seus destinatarios, nin nas súas fórmulas de financiamento se advirten cambios substanciais.

Con todo, o aspecto máis conflitivo ou delicado da norma se refire aos aspectos relativos á participación das Comunidades Autónomas no subsistema de formación. A intención, expresamente sinalada no RD 395/2007, de aplicar e respectar as pautas constitucionais fixadas nas SSTC 95/2002 e 190/2002,) non foi debidamente materializada. Certamente, son numerosos os aspectos nos que a norma apela á participación das comunidades autónomas e á súa coordinación coas accións formativas do Estado ou nos que se lles recoñecen competencias na materia. Así acontece coas facultades recoñecidas ao Sistema Nacional de Emprego, do que forman parte os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, na elaboración e deseño das políticas de formación para o emprego ou co impulso das funcións do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, no que tamén participan as Comunidades Autónomas, en canto órgano consultivo e de participación institucional en materia de formación (art. 33 RD 395/2007). Pola súa parte, os preceptos referidos á calidade, avaliación, seguimento e control da formación de demanda atribúen ás autonomías a competencia para avaliar o impacto da formación realizada no acceso e mantemento do emprego e na mellora da competitividade das empresas. Tamén se lles recoñece capacidade para valorar a eficacia do sistema en canto ao alcance da formación, así como a dos recursos económicos e os medios empregados (art. 37 RD 395/2007), e con esa finalidade garánteselles o acceso, en tempo real, ás comunicacións telemáticas realizadas polas empresas e as entidades organizadoras así como a toda a información necesaria (art. 16.4 RD 395/2007). Son tamén as comunidades autónomas as que deben informar ao Servizo Público de Emprego Estatal dos resultados das actuacións de seguimento e control que levasen a cabo así como das irregularidades detectadas (art. 17.3 RD 395/2007).

En definitiva, atribúese ás autonomías a competencia para realizar as actividades de avaliación, seguimento e control das iniciativas de formación financiadas mediante bonificacións nas cotas da Seguridade Social que se aplican en empresas que teñan todos os seus centros de traballo na Comunidade Autónoma (disp. adic. 1.^a).

Non obstante xorden dúbidas sobre o cumprimento das sentenzas do Tribunal Constitucional, en relación co sistema de financiamento da formación profesional para o emprego.

O art. 6.1 RD 395/2007 establece que as accións e programas de formación se financiarán cos fondos provenientes das cotas de formación profesional que achegan empresarios e traballadores), coas axudas procedentes do Fondo Social Europeo e coas achegas específicas establecidas no presuposto do Servizo Público Estatal.

Se ben é certo que se asegura a participación das comunidades autónomas na elaboración das partidas económicas, o certo é que **a forma específica de financiamento da formación de demanda** –mediante a aplicación de bonificacións nas cotas de Seguridade Social que ingresan as empresas– non permite que as comunidades autónomas exerzan as súas competencias en materia de xestión e organización das partidas que lles correspondan en cada comunidade. En efecto, ditas bonificacións carecen de carácter de subvención o que impide ás comunidades autónomas que asumiron a competencia en políticas activas de ocupación, incluíndo a xestión das subvencións correspondentes, poidan xestionar tales fondos.

A fórmula da subvención si se emprega, non obstante, no financiamento da **formación de oferta**, dos programas públicos de emprego-formación e das accións complementarias á formación. Iso, unido a que o RD 395/2007 permite que as comunidades autónomas se doten de fondos propios destinados a financiar a xestión de iniciativas de formación e á posibilidade de xestionar a formación de traballadores/as, ocupados/as e desempregados/as, no marco da formación de oferta, permite a xestión autonómica de parte das subvencións ou fondos territorializados de formación.

8.2 Regras xerais aplicables ás diversas iniciativas de formación

O subsistema de formación para o emprego deseñado no RD 395/2007 **inclúe catro tipos de iniciativas de formación (art. 4).**

En **primeiro lugar**, a «**formación de demanda**», que engloba as accións formativas das empresas –programadas polas empresas e dirixidas aos/as seus propios/as traballadores/as– e os permisos individuais de formación. Trátase, neste caso, da formación profesional que empresas e traballadores/as demandan. Isto é, das iniciativas de formación que programan, desean e organizan as propias empresas para os/as seus traballadores/as, atendendo ás necesidades e intereses da empresa e coa finalidade de mellorar os seus sistemas produtivos a través da mellora das competencias, habilidades e calidades profesionais dos/as seus traballadores/as. Pero tamén se trata da formación que os/as propios/as traballadores/as optan por adquirir; estea ou non vinculada á actividade profesional que desenvolven.

En **segundo lugar**, a «**formación de oferta**», integrada polas accións e iniciativas formativas de variado tipo e contido que o sistema ofrece a empregados/as e desocupados/as. Esta formación comprende plans formativos dirixidos tanto a traballadores/as ocupados/as como a desempregados coa finalidade, en ambos os dous casos, de achegarlles unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos/as traballadores/as, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego.

En terceiro lugar, o subsistema de formación inclúe a **formación en alternancia** co emprego o obxectivo do cal é contribuír á adquisición das competencias profesionais da ocupación mediante a *compatibilización entre a formación e a práctica profesional no posto de traballo*.

Finalmente e en **cuarto lugar**, as accións de apoio e acompañamento á formación, que son aquelas que permiten mellorar a eficacia do subsistema de formación profesional para o emprego. Non son propiamente accións formativas senón unicamente un complemento a aquelas.

As peculiaridades que caracterizan a cada unha das iniciativas esixía un tratamento individualizado e así o fixo o lexislador que dedica atención especial a cada unha destas accións. Pero a vontade de integrar e dotar dun réxime común a todo o subsistema de formación determina que esa regulación particular vaia precedida dun grupo de disposicións nas que se abordan aspectos xerais compartidos por todas as accións formativas.

8.2.1 Traballadores/as e colectivos destinatarios da formación

Isto é o que acontece, en primeiro lugar, coa delimitación dos colectivos aos que se dirixen as previsións sobre o subsistema de formación (art. 5 RD 395/2007). Así, polo que se refire aos/as traballadores/as destinatarios/as da formación e colectivos prioritarios, a norma, con clara vontade de integrar o máis amplo número de traballadores/as, inclúe **no ámbito da formación da demanda a todos/as os/as traballadores/as asalariados/as que prestan servizos nas empresas, incluídos/as os/as fixos/as discontinuos/as nos períodos de non ocupación, así como os/as traballadores/as que accedan a situación de desemprego cando se atopen en período formativo e os/as traballadores/as acollidos/as a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.**

No que se refire á **formación de oferta**, sinálase a participación de todos/as os/as traballadores/as ocupados/as e desempregados/as na proporción que as administracións competentes determinen.

Finalmente, en relación á **formación en alternancia** co emprego poderán participar os/as traballadores/as contratados/as para a formación e os/as desempregados/as na forma que estableza a normativa sobre os contratos para a formación e sobre os programas públicos de emprego-formación.

Non obstante, o RD 395/2007 mantén, ao igual que facían as normas reguladoras anteriores, a opción por dar preferencia no acceso á formación aos/as **traballadores/as con maiores dificultades de inserción ou de mantemento no mercado de traballo**. Identifícanse, con esa finalidade, unha serie de **colectivos prioritarios**. Deste modo, polo que se refire aos/as desempregados/as, atribúese prioridade para participar en accións formativas aos colectivos de mulleres, novas, minusválidos/as, afectados/as e vítimas de terrorismo e de violencia de xénero, desempregados/as de longa duración, maiores de 45 anos e, finalmente, persoas con risco de exclusión social.

Polo que se refire ao **grupo dos/as ocupados/as**, recoñécese a preferencia de traballadores/as de pequenas e medianas empresas, mulleres, afectados/as e vítimas de terrorismo e de violencia de xénero, maiores de 45, traballadores/as con baixa cualificación e minusválidos/as. Todo iso tendo sempre presente o previsto polas prioridades establecidas na política nacional de emprego, nos plans de execución da Estratexia Europea de Emprego e nos Programas Operativos do Fondo Social Europeo.

A delimitación dos colectivos prioritarios coincide substancialmente coa que efectuaban o RD 1.046/2003, para a formación profesional continua, e co RD 631/1993, para a formación ocupacional. Respecto do primeiro, mantense a expresa referencia aos/as traballadores/as de baixa cualificación que, precisamente polo seu escaso nivel de formación, son os/as máis doadamente prescindibles polas empresas e os/as máis afectados/as polos procesos de reestruturación, e aos/as que prestan servizos en pequenas e medianas empresas, que seguen recibindo un trato preferente no financiamento das accións formativas. Respecto do segundo, a anterior referencia aos/as inmigrantes elimínase quedando agora englobado, xunto con outros grupos, no colectivo de persoas en situación de risco de exclusión social. En ambos os dous grupos incorpóranse, non obstante, novos colectivos como o das vítimas de terrorismo e de violencia de xénero.

8.2.2 Centros e entidades de formación

Comúns son tamén as previsións sobre os centros, entidades e institucións habilitadas e recoñecidas para impartir formación profesional. Para estes efectos, o art. 9 RD 395/2007 inclúe entre estes, en primeiro lugar, ás administracións públicas competentes na materia. Estas poderán desenvolver as accións formativas, ben directamente a través dos seus centros propios, ben mediante convenios con entidades ou empresas públicas que poidan impartir a formación. Para estes efectos, considéranse centros propios os Centros de Referencia Nacional especializados por sectores produtivos, os Centros Integrados de Formación Profesional de Titularidade Pública e os demais centros da Administración Pública que contén con instalacións e equipamentos axeitados.

En segundo lugar, tamén poden impartir a oferta formativa as organizacións empresariais e sindicais e outras entidades beneficiarias dos plans de formación dirixidos a traballadores/as ocupados/as. Neste caso, tamén se admite a dobre modalidade de impartición: directamente polas propias institucións ou mediante a contratación destas tarefas formativas cos centros ou entidades contemplados nos seus programas formativos.

Por outra banda, as empresas que desenvolvan accións formativas para os/as seus traballadores/as ou para desempregados/as con compromiso de contratación poderán executar tales accións cos seus propios medios, sempre que contén con equipamentos axeitados, ou a través de contratacións externas.

Tamén poden impartir formación os **Centros Integrados de Formación Profesional de titularidade privada**, e os demais centros de formación, públicos ou privados, acreditados polas Administracións Públicas cando reúnan os requisitos especificados nas normas que regulen os requisitos de profesionalidade correspondentes á formación que se imparta neles.

Finalmente, recoñécese capacidade para impartir formación profesional para o emprego aos centros ou entidades de formación que impartan formación non dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, sempre que se achen inscritos no rexistro que estableza a administración competente.

O obxectivo de potenciar a formación e a súa avaliación, intentando que o sistema de formación sexa eficaz e axeitado, determina a previsión do art. 9.3 RD 395/2007, conforme ao cal «os centros e entidades de formación deberán someterse aos controis e auditorías de calidade que establezan as administracións competentes».

8.3 Formación de demanda: accións formativas das empresas e permisos individuais de formación

Baixo a denominación de «formación de demanda» englobanse unha serie de actuacións, a finalidade da cal ou obxectivo é dar resposta ás necesidades formativas das empresas e dos/as seus traballadores/as. Neste tipo de formación inclúense, por un lado, **as accións formativas ofrecidas, xestionadas e desenvolvidas polas propias empresas e dirixidas aos/as seus traballadores/as e, por outro, os permisos individuais de formación.**

As accións formativas constitúen un instrumento adecuado para que as empresas deseñen e planifiquen unha formación adaptada ás súas necesidades e intereses. É

precisamente este interese empresarial que está presente nas accións formativas o que permite configurar estas como unha inversión dirixida á mellora e competitividade da empresa e o que xustifica que no seu financiamento se esixa a participación económica das propias empresas. A formación impartida pode ser xeral –aquela que inclúe un ensino que non é único ou principalmente aplicable no posto de traballo e na empresa, senón que proporciona cualificacións que o/a traballador/a pode aplicar e desenvolver noutras empresas ou noutros ámbitos laborais– ou específica –que inclúe un ensino aplicable directamente no posto de traballo actual ou futuro do/a traballador/a na empresa beneficiaria e que ofrece cualificacións que non son transferibles, ou o son só de forma restrinxida, a outras empresas ou ámbitos– (art. 12.2 RD 395/2007).

Pola súa banda, os permisos individuais supoñen a autorización da empresa para que o/a traballador/a participe durante o seu horario de traballo en accións formativas, sempre que estas se correspondan con formación presencial e se trate de formación que favoreza tanto o desenvolvemento ou adaptación das cualificacións técnico-profesionais do/a traballador/a como a súa formación persoal. O art. 12.3 RD 395/2007 establece que a empresa só pode denegar a autorización para gozar dun permiso para formación por razóns organizativas ou de produción. *A finalidade destes permisos é a de facilitar que os/as traballadores/as poidan compatibilizar o desenvolvemento da súa relación laboral coa súa participación en accións formativas que lles permita mellorar a súa capacitación persoal e profesional sen custo para as empresas en que prestan os seus servizos.* Na normativa anterior, os permisos individuais recoñecíanse exclusivamente para a realización de formación recoñecida por «títulos oficiais»). A nova regulación permite que o permiso se solicite e conceda para formación recoñecida non só por títulos ou acreditacións oficiais senón tamén para títulos e certificados de profesionalidade que constitúen a oferta formativa do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como a de calquera outra que acredite as competencias para o exercicio dunha ocupación ou oficio.

Deste modo, a ampliar e flexibilizar o tipo de formación que lexítima o desfrute dos permisos individuais financiados con cargo aos créditos recoñecidos ás empresas, favorécese o desenvolvemento profesional do/a traballador/a. Pero tamén se favorece o seu desenvolvemento persoal na medida en que a actual regulación de tales permisos non esixe que a formación a recibir estea vinculada á actividade profesional que o/a traballador/a desempeña na empresa.

Trátase, tanto no caso das accións formativas coma no dos permisos individuais, de instrumentos formativos xa contemplados na normativa anterior dentro do subsistema de formación profesional continua. Neste sentido, o RD 1.046/2003 regulaba ambas as dúas iniciativas e, xunto a eles, situaba e regulaba os contratos programa para a formación de traballadores/as e as accións complementarias e de acompañamento á formación. O RD 1.046/2003 supuxo un cambio importante na formulación da formación continua que ata ese momento se desenvolvera a través dos Acordos Nacionais de Formación Continua, e que tras o RD 1.046/2003 foi asumida polo Estado.

No novo deseño da formación profesional para o emprego que acolle o RD 395/2007, as accións formativas das empresas e os permisos individuais integran en exclusiva as accións de formación de demanda, en tanto que os contratos programa se incorporan, xunto coa antiga formación ocupacional, na denominada «formación de oferta».

O RD 395/2007 recolle as liñas mestras da formación de demanda nos seus arts. 12 a 19, que xa foron obxecto de desenvolvemento a través da Orde TAS/2.307/2007,

do 27 de xullo, pola que se desenvolve parcialmente o RD 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal.

En liñas xerais pode dicirse que a regulación agora vixente atribúe en exclusiva ás empresas a planificación e xestión da formación, de forma que a intervención pública se limita aos aspectos de control e seguimento das accións formativas desenvolvidas. Hai na nova regulación certo continuísmo coa anterior, sen que se aprecie un cambio de modelo. Non obstante, incorpóranse algunhas novidades que deben mencionarse.

8.3.1 Financiamento da formación de demanda

Un dos aspectos cruciais para a eficacia deste sistema é o referido ao financiamento. Xa a normativa anterior estableceu o financiamento das accións formativas desenvolvidas polas empresas para os/as seus traballadores/as a través da concesión de créditos que se calculaban aplicando a porcentaxe de bonificación que cada ano se establece a Lei de Presupostos Xerais do Estado (LPGE) á contía ingresada por cada empresa en concepto de formación profesional durante o ano anterior (art. 8 RD 1.046/2003)). Non obstante, durante a vixencia de aquela norma o uso polas empresas destes créditos quedou moi por debaixo das expectativas xeradas. O Acordo de Formación Profesional para o Emprego, subscrito entre o Goberno e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas o 7 de febreiro de 2006, identificaba as causas desta escasa utilización dos créditos para a formación sinalando que a iso contribuíra a novidade do incentivo, a súa tardía implantación, a insuficiente difusión deste, a dificultade de utilización polas pequenas e medianas empresas e a limitada asistencia que estas reciben para a súa utilización así como as dificultades derivadas de cuestións técnicas e requisitos formais.

A estes inconvenientes pretendeu facer fronte o RD 395/2007 que mantén no esencial o sistema de financiamento pero incorpora algunhas novidades coa finalidade de permitir ás empresas coñecer o crédito de que dispoñen, axilizar os procedementos para a súa execución, simplificar e mecanizar as esixencias formais e de comunicación e favorecer o uso e a contía dos créditos no caso de pequenas empresas. O sistema de financiamento deseñado pretende, con carácter xeral, ofrecer unha maior seguridade e transparencia a todas as empresas permitíndolles coñecer ao comezo de cada exercicio o crédito do que dispoñen para a formación dos seus traballadores. Favorécese así a planificación e a integración da formación no devir cotián da empresa e na estratexia empresarial, tal e como aconsellaba o Acordo de Formación Profesional para o Emprego do 7 de febreiro de 2006.

Con eses obxectivos, o RD 395/2007 reitera que a contía do crédito se calculará aplicando ás cantidades ingresadas pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano anterior unha porcentaxe de bonificación que fixará para cada ano a LPGE e que será inversamente proporcional ao tamaño das empresas (art. 13.1 RD 395/2007)). Garántese, en todo caso, un crédito mínimo de bonificación na contía que fixe a Lei de Presupostos. Deste modo, outórgase **un trato de favor ás pequenas empresas**, coa finalidade expresamente recoñecida de favorecer o acceso á formación a este segmento de empresas e de alcanzar un maior nivel de penetración da formación neste ámbito.

As empresas interesadas en gozar do crédito que lles corresponde, calculado conforme aos criterios que acaban de mencionarse, poderán facelo a partir do momento en que se comunique a finalización da acción formativa. Non se trata, en todo caso, de que as empresas poidan solicitar o reintegro inmediato do custo da formación senón unicamente da posibilidade de que a empresa recupere o gasto efectuado, aplicándose –ata o límite da contía do crédito que lle corresponda– bonificacións nas cotizacións ata o último día hábil para poder presentar o boletín de cotización correspondente ao mes de decembro do devandito exercicio económico (art. 17 RD 395/2007).

Pero, como se sinalaba anteriormente, o custo destas accións formativas non se asume integramente con cargo a fondos procedentes das cotas de formación profesional senón que se esixe a contribución financeira das propias empresas os/as traballadores/as das cales van resultar beneficiarios/as das accións formativas (art. 14 RD 395/2007). Para estes efectos, o art. 14 Orde TAS/2.307/2007, fixa a porcentaxe mínima de cofinanciamento que, sobre o custo total de formación, se esixe ás empresas: en empresas de 10 a 49 traballadores/as: o 10%; en empresas de 50 a 249 traballadores/as: o 20% e en empresas de 250 ou máis traballadores/as: o 40%.

Tamén neste punto se aprecia a preocupación por favorecer e facilitar o desenvolvemento de accións formativas en empresas de pequeno tamaño, obxectivo ao que se dirixe a previsión conforme á cal quedan exentas desta obriga de cofinanciamento as empresas de menos de dez traballadores/as. Trátase dunha medida xa contemplada na normativa anterior aínda que antes esta posibilidade se reservaba para as empresas de menos de cinco traballadores/as.

Polo que se refire aos **permisos individuais de formación, estes fináncianse integramente** con cargo a un crédito adicional concedido ás empresas que concedan permisos deste tipo. Non hai, nestes casos e como xa acontecía na regulación anterior, achega económica das empresas para sufragar o custo dos permisos individuais (art. 14.2 RD 395/2007). O crédito alcanza ata un máximo de 200 horas laborais por permiso e curso académico ou ano natural en función da duración da formación a realizar, e cobre a totalidade do salario a percibir polo/a traballador/a –incluíndo soldo base, antigüidade, complementos fixos e parte proporcional de pagas extraordinarias–, así como das cotizacións a devengar á Seguridade Social durante o permiso (art. 23 Orde TAS/2.307/2007). Deste modo, preténdese que o disfrute do permiso polos/as traballadores/as non supoña un custo para a empresa onde prestan os seus servizos.

A Resolución de 17 de Decembro de 2008, del Servicio Público de Empleo Estatal, determina colectivos e áreas prioritarias, así como as contías cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nas accións de formación de demanda correspondentes o exercicio de 2009. Galicia figura como obxectivo de Convergencia do programa operativo “adaptabilidade e emprego” do mencionado Fondo.

8.3.2 Participación dos/as representantes dos/as traballadores/as no deseño das accións formativas e respecto aos permisos individuais

Poucas novidades hai tamén respecto da participación dos/as representantes dos/as traballadores/as en relación coas accións formativas desenvolvidas polas empresas (art. 15 RD 395/2007 e art. 16 Orde TAS/2307/2007). A representación legal dos/as

traballadores/as debe recibir información detallada sobre as accións formativas que a empresa pretenda desenvolver; e ten competencia para emitir un informe sobre estas. O incumprimento desta obriga de información impide á empresa acceder ás bonificacións que lle correspondan ou, no seu caso, manter as que estea a gozar.

Se, como resultado do informe emitido polos/as representantes, se advertise a existencia de discrepancias sobre o contido ou deseño das accións formativas propostas, fíxase un prazo de 15 días para a súa solución e recoñécese, en caso de que subsista o desacordo, a intervención mediadora da Comisión Paritaria competente a que se refire o art. 35 RD 395/2007. En defecto de tal Comisión ou en caso de que a súa mediación non dese resultados, o art. 15.5 RD 395/2007 prevé que será a Administración quen coñeza sobre elas sempre que a discrepancia se deba a algunha das seguintes causas: discriminación de trato, realización de accións que non se correspondan coa actividade empresarial ou concorrencia de calquera outra circunstancia que poida supoñer abuso de dereito na utilización de fondos públicos. Polo que se refire á Administración competente para controlar as iniciativas de formación nos casos que acaban de mencionarse, será a Administración Xeral do Estado, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, a competente cando se trate de empresas que teñan os seus centros de traballo en máis dunha comunidade autónoma, en tanto que corresponderá a estas, a través dos órganos correspondentes, cando as empresas teñan todos os seus centros de traballo na mesma comunidade autónoma (disp. adic. 1.ª RD 395/2007).

A cláusula de peche nesta materia recóllese no art. 15.6 RD 395/2007 que, en caso de empresas sen representación legal dos/as traballadores/as prevé a necesaria conformidade de todos/as os/as traballadores/as afectados/as polas accións formativas. En caso de discrepancia ou denuncia dalgún/a deles/as seguiranse os trámites mencionados para a resolución de discrepancias.

Téñase en conta que a existencia de desacordo entre a empresa e os/as representantes ou os/as propios/as traballadores/as non impedirá a execución das accións formativas nin a aplicación das bonificacións que correspondan respecto das accións executadas. Non obstante, se a Comisión Paritaria non resolve as diferenzas e se emitise resolución pola administración competente declarando a improcedencia da bonificación iniciárase o procedemento para o abono pola empresa das cotas non ingresadas.

Finalmente, estas normas sobre participación dos/as representantes dos/as traballadores/as serán tamén de aplicación respecto dos permisos individuais de formación (art. 15 RD 395/2007).

8.3.3 Execución das accións formativas

Polo que se refire á execución das accións formativas, o RD 395/2007 regula con maior detalle que a normativa anterior, as distintas opcións con que contan as empresas. Para estes efectos, as empresas poden organizar e xestionar a formación de forma individual ou optar por agruparse con outras para organizar a devandita formación. En ambos os dous casos, a formación poderase organizar e xestionar directamente pola empresa ou por unha das empresas integrantes da agrupación -á que se designa como entidade organizadora- ou contratar a súa execución con centros ou entidades especializadas. Neste último caso, o RD 395/2007 introduce unha novidosa limitación á subcontratación ao establecer que «neste último caso, os

citados centros ou entidades deberán asumir, polo menos, a coordinación das accións formativas, non podendo delegar nin contratar con terceiros o desenvolvemento da devandita coordinación».

O art. 16 RD 395/2007 regula con detalle as obrigas de comunicación de inicio e finalización das accións formativas, así como a información que debe achegarse polas empresas ao Servizo Público de Emprego Estatal. Para estes efectos, e coa finalidade de axilizar os procesos de xestión e execución das accións formativas, o art. 17 RD 395/2007 anticipa a implantación de procesos telemáticos, implantación que se levou a cabo a través da Orde TAS/2.307/2007. O seu art. 9 dispón, para estes efectos, a creación dun sistema telemático ao servizo de todas as empresas e as súas entidades organizadoras para o acceso á información, documentos normalizados e procesos telemáticos que sexan precisos para a xestión das accións formativas e dos permisos individuais de formación que programen así como para a aplicación das bonificacións.

O cadro 8.1 analiza o número de participantes segundo o tamaño da empresa medido en número de participantes formados CCAA: Galicia. Os maiores porcentaxes danse entre catro grupos de empresas, no seguinte orden: nas empresas de máis de 4.999 asalariados; nas de 10 a 49; nas pequenas empresas de 1 a 5 traballadores; e nas de intervalos entre 1.000 a 4.999 traballadores.

Respecto ó ano 2009 obsérvase un aumento de 25.230 participantes, sumando 152.388 no exercicio de 2010. Mantense o reparto porcentual entre todo tipo de empresas, con un especial aumento das empresas de máis de 4.999.

■ Cadro 8.1

Intervalos de plantilla	2009		2010	
	Absoluto	%	Absoluto	%
De 1 a 5	20.173	15,9	25.748	16,9
De 6 a 9	6.527	5,1	7.801	5,1
De 10 a 49	25.154	19,8	28.206	18,5
De 50 a 99	10.958	8,6	11.873	7,8
De 100 a 249	11.703	9,2	12.165	8,0
De 250 a 499	7.805	6,1	9.670	6,3
De 500 a 999	5.778	4,5	7.491	4,9
De 1.000 a 4.999	17.578	13,8	18.924	12,4
Mais de 4999	21.482	16,9	30.510	20,0
Outras situacións (*)	11	0,0	--	0,0
Total	127.169	100	152.388	100

(*) Plantilla media no ano anterior inferior a un traballador ou situacións derivadas de fusións, absorcións ou escisións de empresas. No cómputo de participantes formados non están incluídos aqueles que realizaran un permiso individual de información.
Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2010.

O cadro 8.2 móstranos o total de participantes segundo o seu perfil de xénero e idade e sexo. Galicia. Con tales datos observamos que a maior porcentaxe de participantes concentrábase nos dous grupos de idade de entre 26 a 45 anos en ambos sexos. Tamén mostra que, do total de participantes, 90.555 (59,4%) son homes, mentres que 61.833 (40,6%) son mulleres.

■ Cadro 8.2

HOME	2009		2010	
	Intervalos de idade			
	Absoluto	%	Absoluto	%
Total	72.452	100	90.555	100
De 16 a 25	6.220	8,6	7.189	7,9
De 26 a 35	25.417	35,1	31.099	34,3
De 36 a 45	22.287	30,8	28.809	31,8
De 46 a 55	13.931	19,2	16.756	18,5
Mayores de 55	4.594	6,3	6.699	7,4
Sen datos	3	0,0	3	0,0

MULLER	2009		2010	
	Intervalos de idade			
	Absoluto	%	Absoluto	%
Total	54.706	100	61.833	100
De 16 a 25	5.665	10,4	5.431	8,8
De 26 a 35	23.529	43,0	26.641	43,1
De 36 a 45	15.886	29,0	18.958	30,7
De 46 a 55	7.721	14,1	8.539	13,8
Mayores de 55	1.904	3,5	2.261	3,7
Sen datos	1	0,0	3	0,0

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2010.

O cadro 8.3 ofrece información do número de participantes formados realizadas en relación a cinco áreas funcionais (administración, comercial, dirección, mantemento e produción). Pode observarse que a categoría con maior número de participantes foi a referente a Produción (57,3) como xa ocorrera no ano 2009. No resto de áreas mantense tamén datos moi parecidos o do ano precedente, con algunhas diferenzas: deuse un aumento no número de participantes formados no área de Administración (15%) superando este ano o área Comercial (11,2%), que sufriu un descenso porcentual respecto o ano anterior, debido o considerable aumento de participantes na segunda.

Nº de participantes formados segundo áreas funcionais

■ Cadro 8.3

Total	2009		2010	
	Absoluto	%	Absoluto	%
	127.158	100,0	152.388	100,0
Administración	19.656	15,5	22.918	15,0
Comercial	20.228	15,9	22.034	11,2
Dirección	4.380	3,4	5.033	4,0
Mantemento	8.122	6,4	8.436	5,4
Produción	74.772	58,8	93.967	57,3

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2010.

O cadro 8.4 subministra información dos participantes formados por grupo de cotización á seguridade social. Este ano produciuse unha subida xeral da participación moi repartida nas distintas categorías, cuns datos porcentuais moi similares os do exercicio do 2009, sendo os Oficiais de primeira e segunda, seguidos dos administrativos e dos oficiais e auxiliares administrativos, os que concentran un porcentaxe dos participantes do 50,3%.

Nº de participantes formados segundo grupo de cotización á Seguridade Social

■ Cadro 8.4

	2009		2010	
	Absoluto	%	Absoluto	%
1- Enxeñeiros e Licenciados	9.758	7,7	11.712	7,7
2- Enxeñeiros técnicos, Peritos e Axudantes titulados	8.863	7,0	9.990	6,6
3- Xefes administrativos e de taller	8.050	6,3	9.153	6,0
4- Axudantes non titulados/as	9.018	7,1	8.960	5,9
5- Oficiais administrativos	18.585	14,6	20.311	13,3
6- Subalternos	4.017	3,2	4.140	2,7
7- Auxiliares administrativos	13.806	10,9	14.513	9,5
8- Oficiais de primeira e segunda	31.581	24,8	44.700	29,3
9- Oficiais de terceira e especialistas	12.320	9,7	15.658	10,3
10- Traballadores/as maiores de 18 anos non cualificados/as	11.026	8,7	13.093	8,6
11- Traballadores/as menores de 18 anos	134	0,1	158	0,1
Total	127.158	100	152.388	100

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2010.

No cadro 8.5 divídese o número total de participantes en función, primeiro, da modalidade de impartición da formación; e segundo, do nivel de formación. Isto permite concluír que o 45% dos participantes completan a súa formación de xeito presencial, mentres que un 26,3% faíno a distancia, optando por formación a distancia un 26,3%, producíndose unha combinación mixta de ambos os dous modelos nun 21,3% de casos, e optando pola en Teleformación nun 7,1% de casos. Os niveis de formación son básicos nun 45,2%, e ou ben medio, ou superior, nun 54,8 de veces.

■ Cadro 8.5

Modalidade de impartición	Participantes formados	% Col
Presencial	75.067	49,3
A distancia	39.428	25,9
Mixta	26.472	17,4
Teleformación	11.421	7,5
Nivel de formación		
Básico	68.919	45,2
Superior	83.469	54,8
Total	152.388	100

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos Galicia 2010.

O cadro 8.6 danos información do número de participantes formados e distribución polos 20 contidos formativos con maior número de participantes, que supoñen o 76,2% da totalidade de accións formativas. Do total de 152.388 participantes, “Prevención de riscos laborais en xeral” concentra o maior número, 33.057 (21,6%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de formados son a Xestión de Recursos Humanos (6,3) e Informática de Usuario-Ofimática (5,6).

■ Cadro 8.6

Accións formativas	Participantes formados	% parciais
Prevención de riscos laborais en xeral	33.057	21,6
Xestión de Recursos Humanos	9.639	6,3
Informática de Usuario. Ofimática	8.686	5,6
Competencias non clasificadas	8.160	5,3
Lexislación e normativa	7.795	5,1
Seguridade alimentaria: manipulación e control	7.063	4,6
Idiomas	6.326	4,1
Seguridade e Vixancia	4.571	2,9
Atención ao cliente. Calidade/Calidade Servizo	4.182	2,7
Xestión Comercial	3.801	2,5
Coñecemento de produto	3.277	2,1
Actualización da docencia	3.031	1,9
Técnicas de venda e formación de vendedores	3.030	1,9
Calidade	2.811	1,8
Socorrismo e primeiros auxilios	2.420	1,5
Mantenemento industrial	2.126	1,3
Almacenaxe, Stocks e envíos	1.729	1,1
Xestión da produción	1.625	1,0
Xestión Ambiental	1.506	0,9
Operacións de maquinaria; Construción	1.395	0,9
Subtotal	116.230	76,2
Resto	36.158	23,8
Total	152.388	100

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos Galicia 2010.

8.4 Formación profesional ocupacional

O sistema de formación profesional (FP) está dividido en dous subsistemas: a FP inicial ou específica, pertencente ao sistema educativo e a FP para o emprego, que engloba as antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

A Consellería de Traballo e Benestar ten atribuído o exercicio das competencias e funcións relativas á formación profesional para o emprego, xestionándose pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego.

Inclúese a continuación un cadro resumo dos cursos de formación para o emprego, tanto para persoas desempregadas como para ocupadas, impartidos en Galicia no 2010.

■ Cadro 8.7

Formación Profesional dirixida prioritariamente a persoas desempregadas

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
AFD programación provincial	770	11.536	43.322.603
AFD programación pluriprovincial	419	6.280	22.374.264
AFD medios propios	199	3.050	12.285.661
Accións experimentais e complementarias	131	1.965	3.118.721
Total	1.519	22.831	81.101.249

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.1 Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas

A formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para traballadores/as desempregados (AFD), convocada anualmente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, lévanse a cabo accións formativas para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estas accións están incluídas no Programa Operativo Plurirexional Adaptabilidade e Emprego.

De forma complementaria á AFD realízanse tamén outras accións formativas que completan a oferta de mellora da cualificación. Son accións formativas experimentais e complementarias do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal e están incluídas no Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

As programacións levadas a cabo durante o ano 2010 na formación profesional dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas en Galicia abranguen cinco grupos fundamentais:

- Cursos de AFD de programación ordinaria.
- Cursos de AFD con compromiso de contratación.
- Cursos de AFD impartidos en centros de formación de titularidade da Xunta de Galicia.

- Cursos experimentais e complementarios das especialidades do ficheiro do Servizo Público do Emprego Estatal
- Cursos do Plan autonómico de formación de formadores

8.4.1.1 Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD)

A normativa básica reguladora do plan AFD está contida no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, desenvolvido pola Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á súa financiación. Neste marco xurídico, a Consellería publicou a Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio de 2010 (DOG nº253, do 30 de decembro).

Ao abeiro desta convocatoria, no ano 2010 programáronse un total de 1.388 cursos, cun orzamento total de 77.982.787 euros, segundo se especifica nos apartados que se desenvolven a continuación.

Distribución da programación por áreas funcionais

A consellería distribúe a súa programación por áreas funcionais. Estas son unha agrupación das comarcas en conxuntos territoriais do mapa comarcal de Galicia. Con isto preténdese agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características de desemprego nestes.

A continuación recóllese a programación correspondente ao exercicio do ano 2010 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

**Formación ocupacional. Plan AFD. Programación.
Por áreas funcionais. Por provincias. Galicia 2010**

■ Cadro 8.8

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Programación AFD 2010 - A Coruña			
A Barcala	9	135	435.078
A Coruña	124	1.855	7.412.975
Arzúa	2	30	105.765
Barbanza	20	300	844.502
Bergantiños	13	195	886.084
Betanzos	8	120	397.330
Eume	8	120	508.290
Ferrolterra	98	1.470	5.901.514
Fisterra	3	45	111.952
Muros	4	60	120.620
Noia	6	90	238.958
Ordes	4	60	181.967
Ortegal	2	30	137.058
Santiago	113	1.755	7.023.370
Terra de Melide	8	120	515.989
Terra de Soneira	4	60	129.052
Xallas	5	75	203.410
Total A Coruña	431	6.520	25.153.914
Programación AFD 2010 - Lugo			
A Fonsagrada	1	15	69.540
A Mariña Central	17	255	862.918
A Mariña Occidental	23	345	1.535.713
A Mariña Oriental	5	75	199.263
A Ulloa	7	105	362.595
Chantada	10	150	424.799
Lugo	101	1.515	5.960.431
Meira	3	45	166.682
Os Ancares	2	30	106.400
Quiroga	1	15	29.535
Sarria	11	165	580.111
Terra Chá	17	255	801.580
Terra de Lemos	21	315	1.132.760
Total Lugo	219	3.285	12.232.327
Programación AFD 2010 - Ourense			
A Limia	10	150	540.520
Allariz-Maceda	3	45	146.833
Baixa Limia	3	45	180.050
O Carballiño	13	190	579.794
O Ribeiro	10	150	593.794
Ourense	200	2.995	11.679.251
Terra de Caldelas	1	15	35.619
Terra de Celanova	3	45	129.481
Valdeorras	13	195	733.436
Verín	19	285	993.244
Viana	3	45	93.718
Total Ourense	278	4.160	15.705.740
Programación AFD 2010- Pontevedra			
A Paradanta	4	60	161.066
Caldas	15	225	887.343
O Baixo Miño	21	315	1.112.405
O Condado	8	120	415.030
O Deza	23	345	1.327.452
O Morrazo	35	525	2.100.775
O Salnés	40	600	2.196.620
Pontevedra	49	735	2.853.439
Tabeirós-Terra de Montes	16	240	950.684
Vigo	249	3.735	12.885.992
Total Pontevedra	460	6.900	24.890.806
Total FIP Galicia	1.388	20.865	77.982.787

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Seguimento e control dos cursos

A consellería realiza unha actividade de seguimento e control da calidade dos cursos impartidos dentro de cada programación.

Para estes efectos, os técnicos de formación dos departamentos territoriais da consellería realizan, durante o período da súa impartición, unha media de tres visitas a cada un dos cursos aprobados dentro da programación. Nestas visitas emítese un informe que, con independencia doutros efectos, servirá para valorar a calidade dos cursos impartidos por cada entidade con vistas ao baremo que servirá para aprobar a programación do ano seguinte.

O informe de inserción laboral dos cursos

A través do cruce dos datos do sistema informático de formación ocupacional (SIFO) e do Servizo Público de Emprego de Galicia elabórase un informe sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación profesional para o emprego dirixidos prioritariamente as persoas traballadoras desempregadas, que remataron o curso con avaliación positiva.

Neste momento, e dado que a data límite para o remate dos cursos da programación do ano 2010 era a do 30 de novembro, só se conta cos datos de inserción laboral referidos á programación de 2009.

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación do 2009 reflicte, aos doce meses desde a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra do 57,89% dos alumnos inseridos laboralmente.

Homologacións

Os centros colaboradores de formación profesional ocupacional son aquelas entidades que, cumpridos os requisitos e seguido o procedemento establecido na normativa vixente (Decreto 158/2001, do 29 de xuño, DOG nº 136 do 13 de xullo), obtiveron a homologación dalgunha especialidade formativa, outorgada por resolución da dirección xeral de Formación e Colocación, e a conseguinte inscrición no Censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Censo de centros colaboradores é un libro-rexistro, con soporte informático, no que se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades que obteñan a homologación dalgunha especialidade formativa. Na actualidade hai un total de 1.211 centros censados.

Segundo se especifica na normativa vixente, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de AFD deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades homologadas polo instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado de acordo co seu nivel formativo e o grao de dificultade establecido.

Isto fai que o Censo de centros colaboradores sexa un instrumento fundamental de cara á aprobación das distintas programacións do Plan AFD e resalta a necesidade de contar cun amplo número de centros inscritos e de que estes contén coa maior variedade posible de especialidades formativas homologadas. A data 31 de decembro do 2010 había un total de 8.108 homologacións vixentes.

Sectorialización

No ano 2010 continuouse co esforzo sostido de progresiva mellora ao eido da calidade da formación, baseada nalgúns elementos clave: o axuste da oferta formativa anual aos requirimentos do mundo produtivo, o que implica unha metodoloxía de detección de necesidades de formación precisa e realista; a inserción laboral dos alumnos formados como referencia prioritaria; o perfeccionamento continuo dos docentes dende a vertente técnico-profesional e didáctica; a aproximación dos equipos e métodos de traballo ao que demandan as empresas, o que supón priorizar a formación no posto de traballo e as prácticas non laborais e, por último, a concreción de interlocutores sectoriais válidos e involucrados no proceso formativo.

O desenvolvemento da programación levada a cabo como consecuencia da Orde do 28 de decembro do 2009, pola que se establece a convocatoria pública para a programación dos cursos do Plan AFD para o exercicio do ano 2010, estivo centrada nos sectores que a continuación se especifican.

■ Cadro 8.9

Sectorialización

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe Persoal	18	270	1.565.622
Artes Gráficas	39	585	2.558.366
Fabricación Mecánica	38	570	3.987.835
Seguridade e Medioambiente	6	90	364.922
Sanidade	62	930	2.187.222
Transporte e Mantemento de Vehículos	98	1.470	6.317.891
Informática e Comunicacóns	173	2.595	7.331.224
Comercio e Marketing	46	690	2.300.962
Marítimo Pesqueira	2	30	68.324
Agraria	23	340	1.174.143
Madeira, Moble e Corcho	10	150	803.536
Administración e Xestión	253	3.795	14.494.108
Actividades Físicas e Deportivas	6	90	197.924
Edificación e Obra civil	44	660	3.763.083
Instalación e Mantemento	2	30	200.534
Imaxe e Son	8	120	616.334
Téxtil, Confección e Pel	6	90	424.064
Electricidade e Electrónica	44	660	3.464.727
Hostelería e Turismo	63	945	4.326.199
Artes e Artesanías	5	75	427.160
Servizos Socioculturais e á Comunidade	139	2.065	6.334.403
Enerxía e Auga	18	270	1.293.063
Industrias Alimentarias	7	105	421.947
Total FIP sin compromiso	1.110	16.625	64.623.593

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.2 Cursos con compromiso de contratación

No exercicio do ano 2010 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación, mantendo o requisito dos anos anteriores de contratar, como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Cursos con compromiso de contratación. 2010

■ Cadro 8.10

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	8	110	349.012
Lugo	1	15	60.131
Ourense	5	70	200.813
Pontevedra	65	975	463.338
Total AFD con compromiso	79	1.170	1.073.295

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Distribución sectorial

A distribución sectorial da programación dos cursos con compromiso de contratación foi a seguinte:

Distribución Sectorial. 2010

■ Cadro 8.11

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe Persoal	2	25	135.564
Transporte e Mantemento de Vehículos	62	930	302.004
Comercio e Marketing	6	90	201.251
Sanidade	3	45	150.251
Agraria	2	30	100.559
Madeira, Moble e Corcho	1	15	60.131
Hostalería e Turismo	1	15	56.707
Servizos Socioculturais e á Comunidade	2	20	66.829
Total AFD con compromiso	79	1.170	1.073.295

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.3 Programación en centros propios

Con cargo ao orzamento do Plan AFD impartíronse, na programación do ano 2010, un total de 199 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 12.285.661 euros. Nestes cursos participaron 3.050 alumnos.

Estes cursos impartíronse tanto nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar como nos centros integrados dependentes da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria. Os centros de formación profesional ocupacional dependentes da Consellería de Traballo e Benestar son os de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro, Bueu, Santa María de Europa (Ourense), Cola-Vigo e Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago, así como as unidades de acción formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos. Impártense cursos, así mesmo, no centro de formación de Labañou (A Coruña).

Os centros integrados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que se impartiron cursos de formación ao emprego no 2010 son: CIFP A Granxa, CIFP Anxel Casal, CIFP Fene, CIFP Carlos Oroza, CIFP Compostela, CIFP Paz Andrade, CIFP Politécnico Santiago, CIFP Ucha Piñeiro, CIFP A Farixe e CIFP Someso.

CURSOS DE MEDIOS PROPIOS – 2010

■ Cadro 8.12

Cursos de medios propios. 2010

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	96	1.505	5.482.775
Lugo	35	525	2.239.600
Ourense	41	615	2.670.477
Pontevedra	27	405	1.892.809
Total AFD medios propios	199	3.050	12.285.661

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Distribución sectorial

A distribución sectorial dos cursos impartidos ao longo do ano 2010 en centros propios foi a seguinte:

Distribución sectorial. 2010

■ Cadro 8.13

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Artes Gráficas	6	90	310.188
Fabricación Mecánica	22	330	2.409.411
Sanidade	10	150	334.426
Transporte e Mantemento de Vehículos	13	195	689.587
Informática e Comunicacóns	15	225	689.587
Marítimo Pesqueira	2	30	89.024
Comercio e Marketing	1	15	71.539
Agraria	16	240	873.991
Instalación e Mantemento	13	195	1.032.206
Edificación e Obra Civil	18	270	1.223.123
Administración e Xestión	2	30	104.678
Madeira, Moble e Corcho	18	270	1.168.823
Imaxe e Son	1	15	65.286
Actividades Físicas e Deportivas	2	30	58.252
Electricidade e Electrónica	9	135	817.019
Artes e Artesanías	4	60	129.450
Hostalería e Turismo	8	120	648.744
Téxtil, Confección e Pel	1	15	52.126
Servizos Socioculturais e á comunidade	32	545	1.182.596
Formación complementaria	1	15	10.760
Energía e Auga	5	75	345.038
Total AFD sin compromiso	199	3.050	12.305.854

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.4 Cursos experimentais e complementarios das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal

O obxecto desta convocatoria é o financiamento de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Estas accións regúlanse na Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias. (DOG nº85, do 6 de maio).

Beneficiarios e orzamento

Ao abeiro deste orde programáronse un total de 131 accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados, nas que participaron un total de 1.965 alumnos, cun orzamento de 3.118.721 euros.

8.4.5 Plan autonómico de formación de formadores

Continuando coa aplicación do Decreto 292/2000, do 21 de decembro, que aproba o certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional, durante o ano 2010 ofrecéronse dende a Dirección Xeral de Formación e Colocación catro

cursos on-line nesta materia, correspondentes ás unidades de competencia 9397 “Programas accións formativas vinculándoas ao resto das accións de formación de organización, de acordo coas demandas do contorno” e 9409 “Contribuír activamente á mellora da calidade da formación”, ambas pertencentes ao curso SSCFI0.

8.4.6 O Plan de perfeccionamento técnico

O Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal convoca anualmente unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos do plan AFD, que se levan a cabo nos centros nacionais de formación profesional para o emprego distribuídos por todo o territorio do Estado.

Nesta área a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación en dúas fases:

- Dar a publicidade necesaria á convocatoria do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal entre os docentes que realizan a súa labor no ámbito da comunidade autónoma.
- Remitir, informadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, as solicitudes de participación nestes cursos presentados polos docentes.

No ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse 2 cursos no Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago de Compostela, aos que asistiron docentes do Plan AFD ou de escolas-obradoiro de diversas comunidades do Estado.

8.4.7 Plan de calidade en centros de formación profesional para o emprego

No ano 2004 iniciouse un novo proceso no camiño da calidade nos centros de formación profesional ocupacional, que tiña como obxectivo a implantación dun sistema de xestión de calidade segundo os requisitos da norma internacional de calidade UNE en ISO 9001:2000 nestes centros.

Esta implantación tivo dous apartados, un para a totalidade dos procesos dos seis centros propios da Xunta de Galicia e en oito centros colaboradores. Outro, para os procesos operativos dos centros, para os que se fixeron accións nos seis centros propios e en dúas unidades de acción formativa.

Unha vez rematado o traballo pola empresa encargada de realizar estas labores, logrouse a implantación do sistema, en todos os seus procesos, en cinco dos seis centros existentes, así como dos procesos clave no Centro Nacional de Santiago de Compostela e nas unidades de acción formativa de Monforte de Lemos e Ames. Ao mesmo tempo, logrouse a implantación do sistema, en todos os seus procesos, nos oito centros colaboradores que participaron neste proceso.

O obxectivo final acadado foi a certificación en calidade por parte da Asociación Española de Normalización e Certificación, AENOR, dos centros de formación profesional ocupacional de Ferrol, Viveiro, Lugo, Santa María de Europa de Ourense e Cola-Vigo, así como oito dos centros colaboradores participantes.

No ano 2006 desenvolveuse un proceso de mellora no sistema de xestión de calidade para garantir o mantemento e vixencia da certificación en calidade nos cinco centros que xa a posuían. Finalizouse tamén a implantación do sistema no Centro Nacional de Santiago de Compostela, acadando tamén para este centro a antedita certificación de calidade.

Nos anos 2007, 2008 e 2009 leváronse a cabo distintas actuacións para, por unha banda, acadar a renovación da certificación por parte do organismo certificador e, por outra, desenvolver un proceso de mellora do sistema de xestión de calidade implantado nos centros, adaptando o sistema ás necesidades de cada centro e certificando o centro de Bueu.

No ano 2010 certificouse en calidade ao centro de Novas Tecnoloxías de Santiago de Compostela.

8.5 Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas

A formación profesional dirixida prioritariamente a ocupados/as regulada no Real decreto 395/2007 do 23 de marzo, ten como finalidade proporcionarlle aos traballadores ocupados a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisan as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Dentro da formación para o emprego dirixida prioritariamente a traballadores/as ocupados/as existen dous tipos de actuacións: as incluídas dentro do Programa Operativo Plurirexional, que englobaría os plans formativos e as accións de apoio e acompañamento á formación, e as incluídas no Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, que incluíría as accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras.

8.5.1 Plans de formación

Existen dúas ordes que teñen por obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico.

Estas ordes son: a Orde do 6 de outubro de 2008 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG nº197, do 10 de outubro) e a Orde do 24 de outubro de 2008, pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico en aplicación da Orde TAS/718/2008 do 7 de marzo, e se estableceron as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG nº211 do 30 de outubro).

Accións e orzamento

Os plans de formación intersectorial deron lugar ás distintas accións:

Distribución Plans de Formación Intersectorial 2009-2010

■ Cadro 8.14

	Entidades	Plans	Accións Formativas
Intersectorial	10	10	548
Autónomos	18	18	86
Economía Social	3	3	43
Total Intersectorial	31	31	677

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Así mesmo, os plans de formación sectoriais deron lugar ás seguintes actuacións:

Distribución Plans de Formación Sectoriais 2009-2010

■ Cadro 8.15

	Entidades	Plans	Accións Formativas
Transporte	7	7	37
Téxtil, Vidro e cerámica, Artesanía	7	7	67
Química e Enerxía			
Servizos á Comunidade	23	23	291
Administración e Novas Tecnolox.	10	10	98
Comercio e Hostalería	23	23	183
Construción e Madeira	19	19	101
Metal	6	6	161
Total Sectorial	95	95	938

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.5.2 Accións de apoio e de acompañamento á formación

Os proxectos obxecto de financiación nesta convocatoria terán como finalidade o desenvolvemento de accións de investigación, prospección do mercado do traballo, determinación das necesidades de formación, análise da repercusión de formación profesional para o emprego na competitividade das empresas e dos traballadores, a realización de estudos de carácter sectorial e multisectorial e produtos e ferramentas innovadoras relacionados coa formación para o emprego, dirixidas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aparecen regulados na Orde do 14 de setembro de 2010 pola que se aproba a convocatoria de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2010, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de novembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de accións de

apoio e acompañamento á formación, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas a súa financiación (Diario Oficial de Galicia n.º 182, do 21 de setembro de 2010).

8.5.3 Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas

Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio do 2010.

A formación profesional para o emprego ten como finalidade proporcionar ás persoas traballadoras ocupadas a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados os requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar unha maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a ocupados: o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento; a unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación das persoas traballadoras ocupadas no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea; a consideración desta formación como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da súa vida.

8.6 O plan galego de formación profesional

No ano 2008 apróbase o II Plan Galego de Formación Profesional. Este plan nace co obxectivo último de converterse no instrumento clave que contribúa a que a sociedade galega se converta nunha sociedade “cualificada”, a través da implantación efectiva dun sistema integrado de cualificacións e formación profesional.

Articúlase ao redor de catro liñas estratéxicas. A primeira fai referencia á Integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional. Preténdense, dentro desta liña, potenciar o traballo coordinado das distintas instancias que participan no deseño e configuración da formación profesional, cara á integración dos tres subsistemas, instancias que, aínda que, sen dúbida, estaban traballando de forma coordinada, deberán pasar a funcionar de forma integrada. O novo Real Decreto 395/2007, que engloba no novo subsistema de formación para o emprego os subsistemas de ocupacional e continua e o Decreto autonómico 266/2007, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional en Galicia, supoñen un importante avance na materia, avance que debe ser trasladado á práctica, sempre tendo presente que o marco de referencia é o sistema nacional de cualificacións profesionais.

A segunda das liñas estratéxicas, o óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, ten como cerne da mesma o cumprimento do principio básico de conexión da formación profesional cos requirimentos do mercado laboral en dúas fronte: tanto no que respecta ás necesidades da formación do tecido produtivo, como no que respecta ás necesidades de formación dos traballadores, a través, neste caso, da atención personalizada aos demandantes por parte do servizo público de emprego.

A calidade e a innovación conforman a terceira das liñas estratéxicas de actuación. Refírese á necesidade permanente de melloras dos equipamentos e condicións de impartición da formación, así como á necesidade de deseño de novos métodos didácticos e da avaliación da adecuación dos programas formativos, e da aplicación das novas tecnoloxías entre outras.

Por último, aínda que non menos importante, figura a liña relativa á promoción de aprendizaxe ao longo da vida, que pretende, por unha banda, a incorporación do conxunto da poboación activa aos procesos de formación e inserción laboral, e por outra ao establecemento dos procedementos de acreditación e avaliación da competencia profesional.

Formación no emprego 2010. Principais indicadores segundo Comunidade Autónoma

■ Cadro 8.16

Total Nacional	
Formación de Demanda	Exercicio 2010
Participantes formados	2.771.069
Taxa de cobertura (1)	22,6
Media de horas de formación	26,8
Empresas formadoras	380.548
Taxa de cobertura (2)	24,6
Financiación	
Crédito asignado	722.594.197,8
Crédito disposto	516.087.731,82
Formación de Oferta estatal	
Participantes formados estimados	770.000
Taxa de cobertura ocupados (4) (3)	23,0
Total Galicia (*)	
Formación de Demanda	Exercicio 2010
Participantes formados	152.388
Taxa de cobertura (1)	22,9
Media de horas de formación	31,4
Empresas formadoras	31.493
Taxa de cobertura (2)	31,4
Financiación	
Crédito asignado	37.502.731,21
Crédito disposto	28.677.508,16

(*) O referente territorial para os participantes formados é a Comunidade Autónoma do centro de traballado participante; para ás empresas, a Comunidade Autónoma da sede social da empresa. Os participantes formados, por tanto, poden ser de empresas con sede social noutra Comunidade Autónoma, e as empresas poden ter participantes formados noutros centros de traballo ubicados en comunidades autónomas distintas.

(1) % de participantes formados na iniciativa de Demanda sobre asalariados do sector privado EPA 2010.

(2) % de empresas formadoras sobre empresas en alta na Tesorería Xeral da Seguridade Social (agás sector público).

(3) % de participantes formados en Demanda e Oferta estatal sobre ocupados EPA 2010. Para o cálculo de esta taxa excluíuse a porcentaxe de participantes desempregados da iniciativa de oferta.

Fonte: FTFE. Observatorio da Formación para o Traballo.